

ANUNCIO.

Mediante resolución da Alcaldía de 26 de febreiro do ano en curso, acordouse iniciar os trámites para a contratación do servizo denominado **“REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA PISCINA CUBERTA NO CONCELLO DE LALÍN” DO FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTIBILIDADE LOCAL** e, para tal efecto, aprobou o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, prego de prescricións técnicas e gasto, e ordenou anunciar a seguinte licitación:

1.- ENTIDADE ADXUDICADORA.- CONCELLO DE LALÍN.

Dependencia que tramita o expediente e obtención de documentación e información: Secretaría Xeral do Concello de Lalín, en horario de 09:00 ás 14:00 horas.

Domicilio: Praza do Concello, núm. 1, 36500 Lalín (Pontevedra).

Teléfono 986-787060.

Fax 986-780638.

Correo electrónico: omic@lalin.org.

Dirección de internet do Perfil do Contratante: <http://www.lalin.org/perfilcontratante.asp>

Data límite para a obtención de documentación e información: 13 días naturais a contar desde o seguinte ao da recepción da notificación.

Número de expediente: COFEESL022010

2.- OBXECTO.-

Tipo de contrato: servizos.

Descrición: redacción do proxecto técnico para a construción dunha piscina cuberta no Concello de Lalín consonte ás especificacións do Prego de Prescricións Técnicas.

Número de anualidades: unha, 2010.

Prazo de execución: 20 días.

Admisión de prórroga: si, nos supostos previstos na LCSP.

CPV: de 71000000-8 a 719000000-7 (excepto 71550000-8 y 79994000-8) y 79994000-8.

3.- TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO.-

Procedemento: negociado sen publicidade.

Tramite: urgente.

Criterios de adxudicación: para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, segundo se enumeran na seguinte táboa:

Núm.	Criterio	Puntuación
1	<i>Redución do prazo de execución.</i>	0 a 35
2	<i>Redución do prezo.</i>	0 a 15

4.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN.-

Orzamento licitación: 46.000,00 €.

IVE (16%). 7.360,00 €.

Importe total: 53.360,00 € (IVE incluído).

5.- GARANTÍAS ESIXIDAS.-

Provisional: non

Definitiva: 5% do importe de adxudicación do contrato IVE excluído.

6.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA.-

Clasificación: non se esixe.

7.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS OU DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN.-

Data límite de presentación: ata as 14:00 horas do décimo (10) día natural seguinte ao da recepción da invitación para participar na licitación.

Presentación da documentación: no Rexistro Xeral do Concello, sito na dirección indicada no apartado 1 anterior, en horario de 9:00 a 14:00 horas, en dous sobres pechados e na forma e requisitos establecidos no prego de cláusulas.

Admisión de variantes: non.

8.- APERTURA DE OFERTAS.-

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sita no enderezo citado no apartado 1 anterior, ás 12:00 horas do terceiro día hábil seguinte ao de remate do prazo de presentación de proposicións terá lugar o acto público dos sobres número 2 Oferta Económica. No caso de coincidir dito día en sábado, trasladarase ao primeiro día hábil seguinte.

A apertura da restante documentación realizarase na forma establecida no prego de cláusulas.

9.- GASTOS DE PUBLICIDADE.-

Por conta do adxudicatario, ata un máximo de 1.500,00 €.

Lalín, 26 de febreiro bro de 2009.

O Concelleiro Delegado de Infraestruturas e Servizos Rurais.

Antonio Rodríguez Rodríguez